

A CONSTRUCCIÓN DUNHA ORIENTACIÓN RENOVADORA PARA A EDUCACIÓN EN ESPAÑA

Ana *SAMPEDRO GARRIDO*

Universidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUMO: Os anos 1975 e 1976 foron claves na construción dunha alternativa ós planeamentos políticos da Ditadura en canto á educación se refire, xa que nese momento coinciden os intereses e demandas de diversos colectivos relacionados co ensino como os movementos de ensinantes, as mobilizacións cidadáns e de veciños e determinados sectores políticos comprometidos coa loita antifranquista.

PALABRAS CLAVE: movementos de renovación pedagóxica, escola pública, Colexios de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras, Escola de verán de Barcelona, Escola de Mestres Rosa Sensat

ABSTRACT: 1975 and 1976 were key years in the construction of an alternative to the political plans of the Dictatorship in terms of education. At that time the interests and demands of different communities related to education -such as the movements of educators- coincided with the mobilisation of citizens and residents as well as certain political sectors committed to bringing down Franco's dictatorship.

KEY WORDS: Movements for educational reform, public school, Organisations of Professionals with Doctoral and Master's Degrees in Liberal Arts, the Summer School of Barcelona, Rosa Sensat Teachers' College

1.- Plataformas sociais

Na España dos anos setenta os efectos da Lei Xeral de Educación tardan en producirse, especialmente nos barrios suburbanos das grandes cidades, onde non se tiñan habilitado os precisos equipamentos públicos a pesar do crecemento demográfico experimentado. Este déficit de servizos serviu para agudizar a conciencia social reivindicativa e para xerar un amplo movemento cidadán que se articulou, sobre todo, arredor das asociacións de veciños e que, no campo educativo, foi o resultado da confluencia entre as loitas urba-

¹ J. Carbonell Sebarroja; "De la Ley General de Educación a la alternativa de escuela pública. Algunas notas introductorias sobre los movimientos sociales en el sector de la enseñanza", *Revista de Educación*, nº extraordinario "La Ley General de Educación veinte años después", 1992, pp. 245-247 e VV. AA.: "Las asociaciones de vecinos y su intervención en la enseñanza" en *Cuadernos de Pedagogía: CD-ROM 23 años contigo*, Praxis, 1997 (nº 18, xuño 1976).

nas e as loitas profesionais dos ensinantes. As reivindicacións, naquel tempo, materialízanse en varias direccións¹:

A demanda de máis postos escolares de carácter público, especialmente para EXB, pero tamén para educación infantil e secundaria, foi unha das accións máis reiteradas ante os déficits alarmantes que sofren algunhas poboacións. As iniciativas dos veciños van dende lograr o inicio das obras do centro, ata a consecución do seu funcionamento, o que supón loitar contra os intereses especulativos inmobiliarios, os incumprimentos do MEC e contra a deixamento dos concellos antidemocráticos.

A loita pola gratuidade supuxo a colaboración do profesorado, dos pais de alumnos máis sensibilizados e dos veciños en xeral, relacionándose así as reivindicacións salariais dos colectivos de ensinantes coas esixencias populares de escolarización e gratuidade. As accións emprendidas oriéntanse cara o cese das “*permanencias*” na escola estatal e a conxelación de cotas da rede escolar privada. Nalgunhas escolas impúlsanse as asociación de pais que teñen neste senso un papel activo en forma de comisións de control de cotas. Hai que salientar que logo da aprobación da Lei de Subvencións en 1973, constitúense novas comisións para intervir no control da súa distribución.

As reivindicacións en pro dun ensino de calidade. As denuncias a este respecto son debidas, entre outras, a causas como: a deficiencia de infraestruturas e a falta de servizos nos centros de nova creación, a masificación das aulas, a instalación de barracóns provisionais que pasan a ser definitivos e a proliferación de escolas privadas minifundistas chamadas academias de piso con deficiencias de todo tipo. Neste proceso cobran relevancia aæinda que con carácter minoritario e focalizadoæ as loitas emprendidas para converter diversas escolas privadas cooperativas, pedagoxicamente innovadoras pero en situación de crise financeira, en escolas públicas, mantendo o mesmo proxecto educativo e o equipo de mestres. Estas escolas serían o referente para a construción dun novo modelo de escola pública.

A democratización a través da intervención na xestión e no control do ensino. Inténtase que as asociacións de veciños poidan participar nas xuntas municipais ou que se constituán comisións mixtas para planificar e intervir na posta en marcha de novos centros. Ademais, danse casos de colexios nos que as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos colaboran estreitamente cos mestres nos aspectos económicos e educativos.

Todas estas demandas e manifestacións teñen a súa máxima expresión no movemento de “*Escolas en loita*”, iniciativa levada a cabo nalgúns barrios populares de Barcelona. Conseguiuse, así, que trala construción das escolas o vecindario nomeara ó equipo de mestres e que os pais participaran, xunto cos mestres, na xestión dos centros. Esta iniciativa só foi posible durante os dous anos de vacío político e educativo que tiveron lugar entre a morte de Franco e a normalización da democracia².

² J. Carbonell Sebarroja; *Op. cit.*, p. 247.

2.- Plataformas profesionais

As esixencias das primeiras mobilizacións dos profesores non numerarios non se poden considerar como un modelo alternativo por canto aínda non se tiña afondado no debate sobre a propia identidade do movemento no seu conxunto e porque aínda non había unha vontade explícita de construír unha alternativa ó modelo educativo e docente da Dictadura. Isto non terá lugar ata o curso 75-76³, cando os Colexios de Doutores e Licenciados (CDL) toman a iniciativa a este respecto.

A esta situación chégase gracias ó acceso dos sectores democráticos e progresistas á dirección destes órganos tralas eleccións de 1973, unha vez que o Tribunal Supremo anulara un decreto polo que o Goberno suspendera unhas eleccións que estatutariamente estaban previstas para 1971⁴. Con anterioridade, os CDL non chegarían a ser disolvidos, pero o poder político asegurárase, por normativa, o poder intervir nas súas estruturas internas e de goberno⁵. Os problemas empezan a xurdir co incremento do número de colexiados durante os últimos anos sesenta xa que son moitos os profesores que exercen no ensino privado e para isto era obrigatorio estar colexiado. Os novos integrantes intentan, en 1965 acceder á Xunta de Goberno do CDL de Madrid pero Lora Tamayo reforma os estatutos nos que se esixe un mínimo de dez anos colexiado para ser candidato ó posto de decano e cinco para calquera outro posto na Xunta de Goberno cando con anterioridade só eran necesarios dous anos de antigüidade. Con esta medida atrasase o acceso dos sectores progresistas ás Xuntas de Goberno, pero os CDL de Madrid, Barcelona e Valencia serán utilizados, durante eses anos e a pesar das dificultades políticas e administrativas, como plataformas de agrupamento, reunión e discusión dunha alternativa a situación educativa do país⁶.

³ M. Jiménez Jaén; *La ley general de educación y el movimiento de enseñantes*. Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Laguna, La Laguna, 2000, p. 181.

⁴ M. Pérez Galán; "La Ley General de Educación y el movimiento de enseñantes", *Revista de Educación*, nº extraordinario "La Ley General de Educación veinte años después", 1992, p.313.

⁵ M. Jiménez Jaén; *Op. cit.*, p. 183.

⁶ M. Pérez Galán; *Op. cit.*, pp. 312-313.

⁷Para a elaboración deste epígrafe foron fundamentais as lecturas feitas dos seguintes documentos:

A. García Pérez; "Madrid: dos alternativas para la enseñanza" en *Cuadernos de Pedagogía: op. cit.* (nº 6, xuño 1975).

M. Pérez Galán; "Una alternativa para la enseñanza: avance y contestación" en *Cuadernos de Pedagogía: op. cit.* (nº 15, marzo 1976).

Comisión de Información del Colegio de Licenciados de Madrid; "La polémica de la alternativa", *Triunfo*, nº 687, 1976, pp. 28-29.

Seminario de Educación; *Enseñanza: debate público*. Madrid, JEC, 1976.

V. Bozal; *Una alternativa para la enseñanza*. Madrid, Centropress, 1977.

I. Fernández de Castro e J. Rogero; *Escuela pública. Democracia y poder*. Madrid, Miño y Dávila Editores, 2001, pp. 27-30.

M. Jiménez Jaén; *Op. cit.*, pp. 181-208.

2.1.- O Colexio de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e en Ciencias do Distrito Universitario de Madrid⁷

O CDL de Madrid abriu a discusión a amplo nivel sobre unha alternativa para o ensino en xaneiro de 1975, cando na súa Xunta Xeral foi aprobado por maioría case unánime o documento "*Una alternativa para la enseñanza. Bases de discusión*", elaborado polo grupo de colexiados que acababan de chegar ó poder, coñecido como "documento verde". Xusto un ano máis tarde, o 31 de xaneiro de 1976, e despois dun procedemento rigoroso e democrático de discusión, aprobábase o documento final na Xunta Xeral celebrada no Palacio de Congresos e Exposicións de Madrid ante 1800 licenciados.

O procedemento seguido para a elaboración comezara coa difusión entre os 11000 colexiados do Distrito Universitario de Madrid das bases de discusión á que lle seguiu outro documento- "*Socialización, otra alternativa a la enseñanza*"⁸- froito das primeiras discusións do documento inicial e que máis que contradicilo, o que facía era aportarlle algúns matices facendo fincapé nos aspectos relativos a autoxestión e pluralidade do proceso de socialización. Tras numerosas reunións e discusións considerouse que a forma de atender ós problemas e suxerencias orixinados era a de refundir as dúas propostas nun texto único. Este novo documento foi, unha vez máis, discutido sen recibir, nesta ocasión, achegas substanciais, sendo enviado a tódolos colexiados para que puidesen propoñer emendas por escrito. En total presentáronse sete emendas á totalidade e cinco referidas a aspectos concretos que foron inmediatamente impresas e enviadas a tódolos colexiados para o seu coñecemento antes da Xunta Xeral. Unha vez nesta, as emendas á totalidade foron rexeitadas por ampla maioría e das parciais foron aceptadas tres que se incorporaron ó texto.

A aprobación provocou inmediatamente reaccións en contra desde distintas posicións (empresarios, FERE, organizacións de pais ligadas á Igrexa, a Conferencia Episcopal, xornais como *ABC* e *YA*) que alegaban que ía en contra da liberdade de ensino, do pluralismo ideolóxico e dos dereitos dos pais e da Igrexa. Pode dicirse que se converteu nun dos textos máis polémicos e controvertidos do seu tempo suscitando numerosas declaracións tanto a favor como en contra.

A relevancia deste documento radica en presentar, como o propio nome indica, unha alternativa global ás vellas concepcións da educación como negocio lucrativo, pretendendo unha política educativa onde os traballadores do ensino tiveran un papel relevante na mesma, e na súa enunciación como cristalización das ideas, propostas e reivindicacións que dende facía case dez anos estábanse a xerar no movemento do ensinantes. Polo tanto, a interpretación da Alternativa haina que facer dende o movemento de ensinantes e dende as correntes ideolóxicas, sindicais e políticas que se daban no seu seo.

⁸ Recollido en Seminario de Educación; *Op. cit.*, pp. 70-81.

⁹ As bases de discusión están en Seminario de Pedagogía de Valencia; *Por una reforma democrática de la enseñanza*, Barcelona, Avance, 1976, pp. 169-179 e en Seminario de Educación; *Op. cit.*, pp. 63-70. O texto final da Alternativa recóllese en V. Bozal; *Op. cit.*, pp. 109-127.

Pero, ¿qué é o que di este escrito para que suscitara tantas reticencias nos sectores citados?⁹ O texto artículase en tres partes básicas e unha cuarta dedicada ás liberdades democráticas. As tres primeiras ocúpase do “*Ensin e sociedade*”, da “*Organización do ensino*” e da “*Organización do profesorado*”. Na introducción sitúase a Alternativa no contexto histórico e faise unha xustificación da súa aparición afirmando:

“A alternativa ó ensino que aquí propoñemos non pode (...) ser pensada como un novo intento de reforma. A reforma demostrouse imposible polas contradicións do capital (...) A loita por unha educación alternativa só pode ser protagonizada polos directamente interesados nela æ-profesores, alumnos, paisæ- e nun senso máis amplo por tódolos traballadores. Pois esta transformación do ensino inscribese no marco dunha transformación global que abandone a lóxica do beneficio privado para entrar na lóxica do traballo, na lóxica da utilidade social”¹⁰.

A primeira parte artículase a súa vez en tres epígrafes:

1.- O ensino como servizo público. É misión primordial do Estado facerse cargo da educación dos seus cidadáns en condicións de igualdade e, polo tanto, debe ser escolarizada gratuitamente o total da poboación de 4 a 16 anos, estendéndose a gratuidade a tódolos niveis educativos e a financiamento do ensino non pode ser unha cuestión privada senón do Estado; a existencia da dobre estrutura pública-privada, ademais de clasista, é unha das causas das grandes insuficiencias do sistema educativo.

2.- A planificación e xestión democrática do ensino. A creación dunha Nova Escola Pública supón unha ruptura coa forma burocrática e centralizada de administrar a educación no Estado español e para isto é necesario, entre outros aspectos:

- que a planificación se faga en función das necesidades económicas, sociais e culturais do país e ligada á planificación económica xeral,
- que se faga progresivamente democrática, nun proceso ligado ó cambio do contido do Estado, e na que participen tódalas forzas sociais democráticas,
- que a planificación e xestión sexan descentralizadas.

3.- Escola pública e ensino privado. Este apartado é quizais o que máis polémica suscitou. Nel afirmase que os fondos públicos deben destinarse exclusivamente á expansión e mellora do ensino estatal, sen que sexa procedente a subvención a escolas e centros privados. Aqueles centros subvencionados que queiran incorporarse á Nova Escola Pública deben renunciar totalmente a todo tipo de beneficio e control ideolóxico e deixar a xestión dos centros nas mans dos sectores afectados: profesores, pais e alumnos.

En canto á organización do ensino o documento propón como puntos fundamentais o ciclo único e a escola unificada. O primeiro supón a formación dende os 4 ata os 16 anos como un todo e sen ningún rasgo selectivo. Será obrigatorio e gratuito e sen ningún tipo de discriminación ou orientación profesional, expedindo ó final do mesmo un único título.

¹⁰ V. Bozal; *Op. cit.*, p. 111.

Coa proposta de escola unificada faise referencia a unha escola de calidade e nivel homoxéneo, sen discriminacións clasistas en canto a instalacións, medios, profesorado e contidos. Neste apartado faise ademais alusión a:

- Á formación profesional que sería de carácter politécnico.
- Á educación especial.
- Ó ensino superior no que se rexeita a selectividade e se propoñen como medidas urxentes a estabilidade no emprego, a equiparación de soldos nos sectores e postos docentes que requiren a mesma titulación, e a xestión democrática e autónoma.
- Ós contidos do ensino en relación ós que se propón a racionalidade e a experimentación, o acceso á docencia sen discriminación por razóns de ideoloxía ou crenza e a inclusión nos currícula das realidades culturais, sociais e lingüísticas das comunidades históricas.

Con respecto á organización do profesorado a Alternativa avogaba polo corpo único de ensinantes e por un sindicato único, democrático e independente. O corpo único de ensinantes significa a desaparición, en todo o ciclo único que se propón, das divisións existentes ata o momento entre o profesorado (mestres e licenciados, numerarios e non numerarios). Considéranse ademais, como dereitos mínimos dos ensinantes o pleno emprego, a estabilidade e seguridade no mesmo, un soldo suficiente, a participación na planificación do ensino e a formación permanente, entre outros. Para os profesores do ensino privado, en tanto este persistise, solicítanse os mesmos dereitos. O sindicato de traballadores do ensino concíbese como a organización dos traballadores do ensino¹¹, que ten como obxectivos a defensa e promoción dos intereses destes na sociedade e a participación como sector na xestión educativa e política do país. O documento alega que para lograr un sindicato de clase, democrático e representativo é imprescindible o recoñecemento previo da liberdade sindical. *“O uso sen trabas desa liberdade fará que a unidade sindical non naza dunha imposición, senón do consenso de tódolos traballadores ó adoptar a forma de asociación que mellor defende os seus intereses”*¹².

No último apartado, “Liberdades democráticas”, afírmase que a reestruturación da educación só é posible no marco dunha sociedade democrática e polo tanto propónse: o libre exercicio dos dereitos de reunión, folga e manifestación, o dereito de asociación, a

¹¹ Nestes anos vai ser moi habitual o uso da expresión traballadores do ensino para designar ós ensinantes que son funcionarios públicos. No discurso deste grupo, así como doutros que veremos a continuación, equipárase ós funcionarios cós asalariados e ó Estado có patrón contratante. Considérase que o ensino é unha actividade productiva que se enfoca cara o mercado de traballo e polo tanto, ó igual que as demais actividades productivas, produce unha plusvalía da que se lucra o patrón. Os traballadores do ensino toman conciencia da súa condición de asalariados e explotados e incorpóranse como parte da clase obreira á loita de clases. I. Fernández de Castro e J. Rogero; *Op. cit.*, p. 30.

¹² V.Bozal; *Op. cit.*, p. 124.

¹³ Seminario de Pedagogía de Valencia; *Op. cit.*, p. 7.

liberdade sindical e de expresión e a amnistía absoluta de todas as responsabilidades por feitos de natureza política ou sindical.

2.2.- O Seminario de Pedagogía do Colexio de Doutores e Licenciados de Valencia

A Alternativa do CDL de Madrid non é un feito illado e en confluencia con ela van ir aparecendo outras declaracións que proclaman unha nova escola pública e se incorporan ó gran debate sobre o ensino. O Seminario de Pedagogía de Valencia xurde a principios dos 70 “ante a insatisfacción do fracaso escolar e as deficiencias xerais do (...) ensino”¹³ Os seus traballos poñen de manifesto a necesidade dun cambio democrático en tódolos ámbitos e conflúen na concreción dunha “*Alternativa para la enseñanza en el País Valenciano. Anteproyecto*”¹⁴.

Os principios que inspiran a Alternativa valenciana son os mesmos, en contido e incluso formulación, que os de Madrid. Tal e como dice Bozal

“a diferenza máis marcada entre un e outro é a presenza no valenciano dunha serie de puntos de carácter propiamente pedagóxico que faltaban no madrileño. (...) Esta falta é facilmente explicable a partir da inexistencia dunha tradición madrileña de renovación pedagóxica, e a prioridade en Madrid de cuestións laborais e de política educativa sobre as claramente pedagóxicas”¹⁵

Así pois, a Alternativa comprende catro puntos: antecedentes históricos, exposición das liñas xerais do sistema educativo que se propugna, teses pedagóxicas básicas da proposta de reforma e requisitos esixidos polo ensino que o país necesita. No segundo e cuarto epígrafes recóllense os aspectos coincidentes coa Plataforma do CDL de Madrid æ ensino como servizo público, escolaridade obrigatoria e gratuíta ata os 16 anos, ciclo unificado, formación profesional con carácter politécnico, ensino superior de masas, planificación democrática do ensino, dignificación da profesión docente onde se inclúe a proposta de corpo único e sindicato único de docentesæ ademais de propostas concretas referentes á realidade do País Valenciano como: ensino no idioma do País Valenciano con introducción do castelán como segunda lingua e viceversa no caso dos castelán falantes; e tratamento preferente dos contidos relacionados con aspectos socioeconómicos, políticos e culturais da realidade valenciana.

As teses pedagóxicas nas que se basea a proposta de reforma son:

1.- Concepción dinámica da personalidade. A escola e os demais axentes educativos deben paliar as diferencias debidas á orixe sociocultural, prestando especial atención ás condicións de escolarización, sobre todo na etapa preescolar dado o papel fundamental desta etapa no desenvolvemento das capacidades básicas do neno.

¹⁴ A publicación mencionada na nota anterior contén distintos capítulos dedicados a cada un dos epígrafes da Alternativa propugnada polo CDL de Valencia completados con traballos que melloran a comprensión da mesma. O texto completo recóllese entre as páxinas 191 e 209 e tamén en V.Bozal; *Op. cit.*, pp. 209-228.

¹⁵ V. Bozal; *Op. cit.*, pp. 127-128.

2.- Un ensino activo. A escola debe ser un medio rico en estímulos que favorezan a actividade dos alumnos.

3.- Unha formación polivalente que teña en conta a globalidade da persoa. Concíbese a educación como favorecedora dun desenvolvemento integral que comprenda: a psicomotricidade, o traballo manual e o desenvolvemento de inquietudes culturais.

4.- Un traballo colectivo na clase. A organización da aula en grupos de traballo é a máis eficaz para facilitar a participación dos alumnos no desenvolvemento da clase.

5.- A xestión democrática e a formación cívica dos alumnos. Os alumnos teñen dereito a participar na xestión da clase e do centro a través das súas propias organizacións. De aquí derívase o concepto de grupo escolar como estrutura democrática na que cada neno participa como futuro cidadá e na que se forma nas virtudes cívicas fundamentais. Os elementos fundamentais desa formación cívica son a ausencia de monopolio ideolóxico e a coeducación total.

6.- O directivismo democrático. A pedagogía esbozada na Alternativa esixe repensar o papel do profesor. Fronte ó autoritarismo tradicional e o *laissez faire* propónse unha certa directividade por parte do profesor para colocar ós alumnos en situacións concretas de aprendizaxe, promover a súa participación na xestión e na toma de decisión e suplir as carencias do medio; directividade liberadora que debería ir debilitándose progresivamente.

2.3.- A X Escola d'Estiu de Barcelona

Ó mesmo tempo que os Colexios de Doutores e Licenciados de Madrid e Valencia ían elaborando e presentando para a súa discusión as Alternativas precedentes, a catalana Escola de Mestres Rosa Sensat¹⁶ na súa importantísima *X Escola d'Estiu*¹⁷, celebrada en xullo de 1975, organizada conxuntamente co CDL de Barcelona, tamén aprobou a declaración "*Per una nova escola pública*"¹⁸. A X Escola d'Estiu de Barcelona reuniu a 3200 ensinantes dos que 510 constituíron 10 grupos de traballo que dedicaron unha sesión diaria a considerar os distintos aspectos da problemática do ensino. As conclusións finais de cada un deles presentáronse conxuntamente a modo de declaración aprobada en asemblea xeral o 11 de xuño, sendo asumida como documento de traballo.

O documento preséntase como un instrumento de protesta ante a situación do ensino e de reivindicación dunha nova escola pública do seguinte xeito:

"Os participantes na X Escola d'Estiu (...) pretendemos, co documento que agora presentamos, facer sentir a voz dos ensinantes tal como acontecía cando a Generalitat de Catalunya

¹⁶ En páxinas posteriores faremos un percorrido polos inicios e conformación desta entidade.

¹⁷ Sobre a Escola d'Estiu de Barcelona faremos un breve apunte histórico en páxinas posteriores ó abordar os antecedentes dos Movementos de Renovación Pedagóxica.

¹⁸ O texto da declaración recóllese, entre outras publicacións, en V.Bozal; *Op. cit.*, pp. 182-209 e en *Cuadernos de Pedagogía*; *Op. cit.* (suplemento nº 1, 1975). Este suplemento está dedicado integramente á X Escola d'Estiu de Barcelona e recolle os documentos froito do traballo de cada un deses grupos.

¹⁹ V Bozal; *Op. cit.*, p.182.

recollía as conclusións da Escola d'Estiu de Barcelona [refírese ó tempo da II República española] para integralas na lexislación e na realización da súa política escolar¹⁹

De novo aquí se volve a coincidir con formulacións feitas nas anteriores declaracións. O documento comeza cunhas consideracións básicas sobre as formas de xestión e control dunha política educativa democrática que se centran en: dirección democrática da política educativa e dos centros de ensino, carácter estimulante e non selectivo da educación, sistema educativo como servizo público fundamental, diversificación da escola adecuando a planificación, os contidos e a lingua á realidade na que se inserta, gratuidade, racionalidade e cientificidade nos contidos, na metodoloxía e nos programas, pluralismo ideolóxico e liberdade de ensino, e escola vinculada coa comunidade e con outros servizos públicos.

Ó igual que o Seminario de Educación de Valencia, a X Escola d'Estiu incide nos aspectos máis pedagóxicos e na problemática da lingua catalana no ensino. Así, o documento continua analizando o sistema educativo nos seus diferentes niveis, defendendo a existencia dun tronco único e a coeducación, e facendo unha proposta de organización por ciclos: gardería de 1 a 3 anos, párvulos de 3 a 7 anos, 1º ciclo de 7 a 10 anos, 2º ciclo de 10 a 12 anos, 3º ciclo de 12 a 14 anos e 4º ciclo de 14 anos en adiante. Pásase despois a analizar a situación actual da lingua e a cultura catalanas no ensino, propoñendo, entre outras liñas de actuación, a existencia de escolas de formación do profesorado e dunha universidade catalana en canto á lingua e ós seus contidos, e partir, na escola, de contidos económicos, políticos, históricos, etc. especificamente cataláns.

A declaración remata facendo alusión ó estatuto e formación dos ensinantes e ós Movementsos de Renovación Pedagóxica (MRP). Con respecto ó primeiro deféndese, de novo, o corpo único de ensinantes, unha formación inicial científica e técnica de carácter universitario e a formación permanente do profesorado. Sobre os MRP determínanse as condicións para construír unha alternativa pedagóxica nun marco sociopolítico novo de liberdades democráticas que se concreta en: formación permanente dos mestres a nivel técnico e de contidos; unión do movemento de ensinantes na tarefa de transformación da escola; coherencia entre a aplicación dunha técnicas e o contido ideolóxico; e aproveitamento das plataformas legais para xeneralizar e estender os intentos de renovación pedagóxica aínda minoritarios.

Como xa dixemos, a declaración "*Per una nova escola pública*" asumíuse como documento de traballo para o seguinte curso escolar de modo que na XI Escola d'Estiu celebrada entre os días 5 e 17 de xullo de 1976 se proseguíu a reflexión, discusión e profundización iniciada o ano anterior. Nesta convocatoria foron case 6000 os profesores matriculados dos que 700 traballaron en grupos sobre o documento recollendo as emendas presentadas. No penúltimo día discutíronse as emendas e as modificacións do documento, quedando cinco emendas para ser votadas na Asemblea final, das que unha foi aceptada, outra modificada e integrada ó texto, unha rexeitada e dúas retiradas. O resultado foi

²⁰ O novo texto recóllese en Escola d'estiu de Barcelona: "Por una nueva escuela pública catalana" en *Cuadernos de Pedagogía*; *Op. cit.* (nº 23, novembro 1976) e en *Seminario de Educaci*; *Op. cit.*, pp. 233-243.

un novo documento: "*Per una nova escola pública catalana*" que ven facer algunhas matizacións e modificacións ó anterior²⁰; matizacións algunhas delas, que tamén conflúen coas alternativas anteriores.

Así, na introducción inclúense as directrices a seguir nunha situación de cambio democrático xa que só neste sería posible a configuración da nova escola pública catalana. Esas directrices son: amnistía xeral para tódolos presos e exiliados políticos, exercicio das liberdades democráticas esenciais, restablecemento provisional das institucións e dos principios configurados no Estatut de 1932, e coordinación da acción de tódolos pobos peninsulares na loita democrática.

Fariase outra modificación no referente ó carácter público do ensino, explicitando que tamén debe ser único en canto a infraestrutura, dotación de material, calidade pedagóxica, rigor científico, nivel de coñecementos, capacidade profesional e salarios. Avógase ademais explicitamente pola desaparición do ensino privado. Tamén se pon de manifesto o carácter nacional da escola, e polo tanto, debería adecuarse ás características específicas da sociedade na que se inserta; debería enmarcarse politicamente en Cataluña; os medios de comunicación deberían estar en mans dun goberno autónomo para poder aplicar as novas técnicas ó ensino; e deberían arbitrarse formas de administración educativa descentralizadas. Profundízase ademais nas formas de dirección e xestión dos centros de ensino propoñendo a creación de organismos como o consello de centro, o claustro de centro e as comisións de curso, especificándose a conformación e as funcións de cada un deles.

O groso da declaración -a análise do sistema educativo nos seus diferentes niveis- ven, neste caso, a ser substituído por un novo epígrafe sobre a definición pedagóxica da nova escola pública, onde se examinan os obxectivos, as tarefas e as características psicosociais desta escola na que se inclúen tamén a educación permanente de adultos e a educación especial. A nova Declaración remata, ó igual que a súa predecesora, puntualizando aspectos da formación e do estatuto dos ensinantes. Con respecto a este último aspecto engádesse a necesidade da construción dun sindicato dos traballadores do ensino que debería ser democrático, unitario, de clase, de libre sindicación, autónomo e independente.

Como elementos comúns nestas declaracións podemos encontrar que²¹:

- Os procesos de elaboración leváronse a cabo con numerosas dificultades a causa do contexto político. Detencións, sancións e despedimentos do profesorado implicado, prohibición de reunións, peche de institucións, etc. foron algunhas delas. A pesar diso, os ensinantes foron capaces de desenvolver un programa alternativo completo.
- Todas denuncian ó réxime franquista e queren chegar a unha situación de normalidade democrática e constitucional que permitise un debate aberto sobre a educación, con posibilidade de levar á práctica as propostas xurdidas.

²¹ S. Esteban Frades; *La renovación pedagógica y el movimiento de enseñantes en Castilla y León. Concejo Educativo*. Tese de doutoramento, Salamanca, Universidad de Salamanca, 1994, pp. 60-61.

- O desexo último das declaracións era proclamar unha educación para a liberdade e dende a liberdade.

2.4.- Outras plataformas

Ata aquí presentáronse os documentos das principais plataformas asociativas do profesorado. Principais no senso de que foron as primeiras iniciativas, as de maior proxección e as que tiveron máis repercusións no campo da educación, desatando numerosísimas reaccións e outros tantos documentos, unhas veces na mesma liña e outras dende posicións enfrontadas. Outras plataformas que se moven no horizonte das declaracións precedentes pero que proceden de ámbitos máis específicos son:

O Documento do Claustro de Bellaterra. Os profesores da Universidade Autónoma de Barcelona reunidos en Bellaterra o 11 de febreiro de 1975 aprobaban a “*Declaració de Principis per una universitat nova*”²². A Declaración foi elaborada por unha comisión de profesores designada en asemblea sendo asinada polo conxunto do claustro. Considérase como un documento de traballo para unha discusión máis ampla e completa, a través dunha comisión onde estarían representados tódolos estamentos universitarios e tamén se ofrece a outras universidades e sectores como texto base para o estudo e discusión no eido universitario. Os puntos dos que consta a Declaración son: universidade e sociedade, funcións da universidade, liberdades universitarias, universidade e a cuestión catalana, xestión, organización da actividade académica, profesorado, estudantes, e persoal universitario non docente. Ó ano seguinte aparecería a “*Declaració de principis i objetius per una univesitat autònoma amb un govern democràtic*” froito da discusión que se propoñía no primeiro documento.

E polo contexto galego no que situamos este traballo tamén debemos mencionar o “*Manifesto dos ensinantes galegos*” elaborado por un núcleo importante de ensinantes e que aborda cuestións concernentes a problemática específica galega. O texto aparecía no Boletín do CDL de Madrid o 1 de marzo de 1976²³, en tanto que dende outubro de 1975 estaba a conformarse o primeiro colectivo galego de renovación pedagóxica, ACIES-Galicia (Asociación para a Correspondencia e a Imprenta Escolar-Galicia) e nacía a revista infantil *Vagalume*. O Manifesto serve de preludeo para a organización das I Xornadas do Ensino organizadas en setembro en Maceda (Ourense) a través dunha comisión do CDL de Galicia²⁴. Na Declaración alúdese ós puntos básicos necesarios para unha reforma do ensino:

- Un ensino galego que conleva: a planificación a nivel galego, o enraizamento na realidade social e cultural galega e a normalización da lingua galega.

²² O texto recóllese en *Seminario de Educación; Op. cit.*, pp. 205-212.

²³ *Ibidem.*, pp. 217-221. Nesta publicación reproducécese o texto e tamén en VV.AA; “La alternativa gallega” en *Cuadernos de Pedagogía; Op. cit.* (nº 16, abril 1976).

²⁴ A.Costa Rico; “O desenvolvemento do movemento de renovación pedagóxica en Galicia”, *Revista Galega de Educación*, nº7, 1988, p.38.

- A escolarización total. O ensino é un servizo público fundamental e polo tanto o estado debe crear postos escolares para toda a poboación. O ensino será gratuíto e existirá un único plan de estudos sen separacións entre os diferentes niveis.
- Un ensino científico e actual. Avógase por un ensino activo e experimental, polivalente nos contidos e nos programas e laico, pola coeducación e pola liberdade de docencia.
- Unha situación laboral xusta. Neste punto faise referencia, ó igual que nos casos anteriores, ó corpo único de ensinantes e o sindicato único.
- Xestión democrática dos centros con autonomía para a planificación do orzamento e onde a autoridade sexa exercida polo claustro entendido como a asemblea de todos os directamente implicados no funcionamento de cada centro.

Dos documentos postos ata o momento en escena podemos afirmar, recorrendo as palabras de Bozal, que

“Ningún (...) pode ser entendido coma unha simple declaración de principios elaborados por un grupo de persoas ou por un movemento burocrático. Todos eles configurarónse ó longo de asembleas e debates nos que puideron intervir -e de feito interviñeron- as máis diversas tendencias e posicións. E, o que é máis importante, todos eles pretenden articular as reivindicacións e obxectivos que durante anos se converteron na columna vertebral do movemento de ensinantes no noso país”²⁵

Por outra parte, a análise e as propostas que se facían nestes documentos estaban condicionadas polos acontecementos do maio francés do 68, polas críticas á escola burguesa que chegaban dos Estados Unidos e Italia e polas lecturas que, pequenos pero moi activos, círculos de profesores facían de Bourdieu-Passeron, Althusser e Baudelot-Estabet. Isto, xunto coa forma de percibir as oposicións entre dictadura e democracia e entre capitalismo e socialismo, repercutiu notoriamente nas reivindicacións máis importantes tales como o corpo único de ensinantes, o acceso á docencia e o control democrático do ensino.²⁶

Como xa dixemos, estes textos æprincipalmente a Alternativa do CDL de Madridæ suscitaron un intenso debate en torno a educación na España dos anos 70 que deu lugar a outros moitos documentos xurdidos dende colectivos diversos²⁷. Bozal²⁸ fai unha primeira división entre aqueles documentos nos que, máis que propoñer unha verdadeiro debate sobre o ensino, o que se fai é unha formulación polémica onde se intentan defender privilexios e posicións conquistadas en décadas anteriores e aqueles outros nos que si se propón unha transformación do ensino a través da crítica e debate.

²⁵ V. Bozal; *Op. cit.*, pp. 89-90.

²⁶ J Carbonell Sebarroja; *Op. cit.*, p. 239.

²⁷ As publicacións de Valeriano Bozal e do Seminario de Educación da Xuventude Estudante Católica ofrecen estudos da Alternativa do CDL de Madrid e do debate posterior. Ámbalas dúas dan debida conta das diferentes posturas xurdidas e dos sectores dende os que se fan proporcionando un coñecemento máis minucioso e pormenorizado dos documentos que vimos ata aquí e dos que especificamos a continuación.

²⁸ *Ibidem*, pp. 131-133 e 143-144.

Entre os primeiros estarían:

- “*Por la enseñanza socializada y libre en una sociedad genuinamente democrática*” (xaneiro de 1976). Documento coñecido como a Contraalternativa redactado por un grupo de licenciados reunidos na Casa Sindical de Madrid.
- “*Los problemas de la enseñanza*” (febreiro de 1976). Aprobado na Asemblea Plenaria da Conferencia Episcopal Española.
- Comunicado da Asemblea Xeral da FERE (abril de 1976).
- Declaración do Episcopado sobre o ensino (setembro de 1976).

Nesta Contraalternativa esgrímense os argumentos centrais cos que se defenden as posturas do sector relixioso, que serán retomados nos demais documentos e tamén nos artigos da prensa reaccionaria: liberdade de ensino que se concreta na liberdade dos pais a elixir centro; gratuidade do ensino a fin de que non exista desigualdade de oportunidades entre os centros públicos e non estatais, o que esixe o mantemento e consolidación do sistema de subvencións; e prioridade dos proxectos educativos de centros (ideario) sobre as opcións particulares do profesorado, o que implica a negación da liberdade de cátedra e do pluralismo ideolóxico.

Dentro do segundo grupo Bozal fai unha nova distinción. Segundo a súa orixe encontramos:

1. Os documentos de orixe cristián que propoñen unha opción distinta á mantida pola xerarquía eclesiástica, optando pola desaparición do ensino privado relixioso e pola extensión do ensino público. Entre estes documentos están: a “*Declaración de las comunidades cristianas*” aprobada en Madrid en xuño de 1976; a Declaración de FECUM-Buen Consejo (xuño de 1976); e o documento “*un grupo de religiosas de Madrid ante la Alternativa para la enseñanza*” (xuño de 1976).
2. Os textos ligados ó movemento de ensinantes, que proveñen de plataformas unitarias e que desenvolven a Alternativa en defensa da escola pública, ofrecéndose como achegas para a consecución dunha alternativa global de tódolos ensinantes, entre os que podemos destacar “*Una alternativa socialista para la Enseñanza*” da Federación Española de Traballadores do Ensino (FETE) e os debates da *1 Setmana de l’Ensenyament al País Valencia* (maio-xuño de 1976).
3. As declaracións procedentes de posicións políticas marxistas que cualifican á Alternativa madrileña como revisionista por axustar o sistema educativo ós intereses do capitalismo avanzado e que a critican por non facer unha proposta radicalmente revolucionaria. Encontramos dentro deste grupo os textos “*Conflictividad en la enseñanza*” aparecido na publicación *Liberación* e “*Una aproximación crítica al problema de la enseñanza*” do Equipo de Estudios (EDE) aparecido no número 1 da revista *Teoría e Praxis*.

4. Dentro deste segundo grupo tamén se poden incluír outros documentos como a declaración do Consell Catalá d'Ensenyament, arredor das dinámicas organizativas propiciadas pola Asambleta de Catalunya.

Non se lle escapa a ninguén que quizais o punto máis polémico de todo o debate era a supervivencia ou desaparición da escola privada e que, mesmo dentro dos distintos sectores do movemento de ensinante, nunca alcanzou posicións claramente maioritarias debido fundamentalmente a dúas razóns. Por unha parte, a desaparición do ensino privado naqueles momentos suporía unha grave dificultade no sistema educativo, dada a perda de postos escolares e de traballo e, ademais, as condicións políticas non permitían un cambio deste calibre debido a ausencia dun goberno forte e popular e dun apoio popular de país e asociacións de veciños. Por outra parte, a desaparición só sería posible nunha sociedade na que non existise propiedade privada dos medios de produción e, polo tanto, a transición cara un sistema de escola pública debería pasar pola supresión das subvencións ó ensino privado.²⁹

3.- Antecedentes dos movementos de renovación pedagóxica

A renovación pedagóxica, entendida como unha certa empresa organizada e colectiva conta cunha notable tradición en España e, sobre todo, en Cataluña onde desde comezos do XX diversas propostas de escola renovada foron aplicadas en escolas de nova creación ó amparo da Associació Protectora del'Ensenyança Catalana³⁰ e da Comisión de Cultura do Concello de Barcelona. Pola súa parte a Mancomunitat³¹ tamén fomentou a introducción do movemento de Escola Nova e dos seus representantes a través da organización da Escola d'Estiu e creación de varias escolas. Coa II República deuse un novo paso e a Generalitat puxo en funcionamento o Consell de l'Escola Nova Unificada (GENU), organismo dende o que se crearon numerosas escolas e dende o que se promoveron principios como os de coeducación, uso da lingua catalana, laicismo e gratuidade³². Artur Martorell, Manuel Ainaud, Rosa Sensat, Alexandre Galí, Pau Vila, Joaquin Xirau e Herminio Almendros son algúns dos nomes destacados da educación nesta época.³³

Cabe facer, a este respecto, unha breve mención á Escola d'Estiu de Barcelona³⁴ que, xunto coas Conferencias Pedagóxicas da ILE, foi a experiencia máis innovadora en canto formación permanente do profesorado no século XX. Nas súas tres edicións aglutinou a numerosísimos mestres e configurouse como un dos elementos que máis influíu na realidade educativa de Cataluña.

²⁹ *Ibidem.*, pp. 149

³⁰ Institución fundada en 1899 e disolta en 1939, que promoveu o ensino en catalán e a edición de textos escolares.

³¹ Unión das catro deputacións catalanas entre os anos 1913 e 1923.

³² Sobre o GENU pode consultarse E. Fontquerni e M. Ribalta; "El GENU, un modelo de gestión pública de la enseñanza" en *Cuadernos de Pedagogía; Op. cit.* (nº 18, xuño 1976).

³³ "Cataluña. L'Associació de Mestres «Rosa Sensat»", *Vida Escolar*, nº 224, 1983, pp. 69-70.

³⁴ Extraído de R. Moragas; "La Escola d'Estiu de Barcelona en la escuela de Cataluña" en *Cuadernos de Pedagogía; Op. cit.* (nº 6, xuño 1975).

A primeira edición tivo lugar entre 1914 e 1923, anos nos que a Mancomunitat a través do Consell de Pedagogía colleu as rendas da política cultural e educativa de Cataluña. A realización da Escola d'Estiu débese a unha proposta de Eladi Homs que, chegado da Universidade de Chicago onde estudara tres anos, coñecera os cursos de verán para mestres alí deseñados. O Consell estudia a proposta e lanza o primeiro programa de Escola d'Estiu baixo a dirección do propio Eladi. Foron dez as Escolas d'Estiu realizadas. Nelas, durante catro ou cinco semanas do verán, un grupo de mestres asistía polas mañás a cursos e polas tardes visitaba institucións de carácter educativo e cultural. Tamén tiñan lugar exposicións, concursos, discusións, conferencias e festas. O obxectivo "era dar ós mestres un medio constante de perfeccionamento, e especialmente pretendíase crear un instrumento que lles permitira ter noticia dos últimos adiantos e novidades da Pedagogía"³⁵. Pero este coñecemento das correntes europeas e norteamericanas non era tan só de carácter teórico senón que, e este é o aspecto máis importante, tamén se facía a escala práctica na tarefa escolar chegando a valorarse a súa incidencia na sociedade.

O golpe de estado de Primo de Rivera poñía final á Mancomunitat e tamén á Escola d'Estiu que cerraba as súas portas ata o verán de 1930 terminada a dictadura. As renacidas Escoles de 1930 e 1931 estiveron auspiciadas pola Deputación de Barcelona e as seguintes ata 1935 foron organizadas pola Escola Normal da Generalitat. O número de participantes ascendería ata chegar ós oitocentos e algúns dos temas tratados foron: o ensino da lingua nas escolas de Cataluña, a formación moral e cívica nas escolas da República e a Escola Nova Unificada. Ademais da faceta formativa, cada unha das Escoles d'Estiu tiña como resultado un documento que a Generalitat tomaba como base para legislar en materia educativa.

O comezo da Guerra Civil significaría a fin da segunda xeira das Escolas d'Estiu que non verían a luz ata 31 anos máis tarde cando foron reiniciadas por un grupo de profesionais, coa presenza de Artur Martorell, que de seguida crearon a asociación pedagóxica que acolleron baixo a nobre memoria da pedagoga Rosa Sensat³⁶. A Guerra e o posterior réxime dictatorial conlevaron, nos primeiros anos, un monopolio ideolóxico que impediu a aparición en público das alternativas pedagóxicas progresistas obrigándoas a tomar, en moitos casos o camiño do exilio ou da clandestinidade dende onde se vai a ir configurando unha pedagogía da resistencia e da continuidade, sobre todo no caso de Cataluña, ata chegados os anos 60 nos que o goberno admitiu unha certa liberalización.

3.1. A Escola de Mestres Rosa Sensat

O inicio da liberalización, por unha parte, e a resistencia cultural, por outra, foron as circunstancias que permitiron que na área de Barcelona se rexistraran na segunda metade dos 50, pequenos riscos de renovación pedagóxica gracias á influencia de pedagogos como Galí, Vergés e Martorell, á pervivencia de parvularios montessorianos e de centros inspirados na metodoloxía de Decroly e ó despegue de iniciativas católico-liberais a través

³⁵ *Ibidem*.

³⁶ *Ibidem*.

da creación de numerosas escolas privadas de carácter progresista³⁷. Todas estas propostas afincábanse en dúas ideas básicas: a defensa e o ensino da lingua catalana e a recuperación dos fundamentos pedagóxicos da Escola Nova. Hai que dicir que todas elas se moven no ámbito privado xa que a escola estatal franquista non se presentaba como o contexto máis idóneo para as iniciativas renovadoras, pero distanciábanse da escola privada elitista; de feito, xa dende os inicios se fixo fincapé no carácter transitorio como propiedade privada e na súa vocación de escolas públicas.³⁸

Entre as propostas máis destacadas deste tempo, precursoras da Escola de Mestres Rosa Sensat, encontramos³⁹:

1. Os cursos de pedagogía que, entre 1959 e 1963, Alexandre Galí impartiu no seu propio domicilio. A estes cursos asistían os mestres das escolas de recente creación⁴⁰ e foron a conexión entre a tradición pedagóxica catalana anterior á Guerra e o novo movemento de escolas activas que se estaba xerando.
2. As reunións mensuais os sábados pola tarde dende 1960 dun grupo de mestres que traballaban sos nas súas respectivas escolas pero que coñecían o traballo das novas escolas. Este grupo estaba encabezado por Marta Mata⁴¹, persoa clave na creación e desenvolvemento da Escola de Mestres Rosa Sensat. As reunións deron lugar ó Congreso de Pedagogía Barata celebrado nos veráns de 1961 e 62 en Saïfores -no amplo casal da familia de Marta Mata- no que se recollían e intercambiaban todas as experiencias renovadoras baixo a supervisión de Alexandre Galí.
3. As convivencias que teñen lugar en Mont-Rós e en Camprodon (Lleida) nos veráns de 1963 e 64 respectivamente. Ás mesmas asistiron mestres de escolas públicas e privadas ademais de representantes de diferentes movementos como Pax Christi⁴², Isard⁴³, Acción Católica e Asociación de Mestres Católicos entre outros. Algúns dos temas tratados foron: a formación dos mestres, a liberdade nos métodos, o respecto ó neno, autoridade e liberdade e educación sexual.

³⁷ A. Escolano Benito; "Discurso ideolóxico, modernización técnica y pedagogía crítica durante el franquismo", *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, nº 8, 1989, p. 24.

³⁸ J. Carbonell Sebarroja; *Op. cit.*, p. 248. Coa chegada da democracia creouse o Collectiu d'Escoles per l'Escola Pública Catalana (CEPEPC) que agrupaba á maioría destas escolas (unhas noventa) e que tiña entre os seus fins os contactos coa Administración para o paso a rede de escolas públicas (*Cataluña. L'Associació...*, cit., p. 71).

³⁹ M Mata; "Un período difícil" en VV.AA.: *La renovació pedagògica a Catalunya des de dins (1940-1980). Fets i records*. Edicions 62, Barcelona, 2001, pp. 62-67; *Cuadernos de Pedagogía: "Conversando con Marta Mata" en Cuadernos de Pedagogía: CD-ROM...*, cit., (nº 49, enero 1979); e *Cataluña. L'Associació...*, cit., pp. 71-72.

⁴⁰ Entre as máis destacadas: Talitha, Costa i Llobera, Santa Anna, Sant Gregori, Andersen e Lys.

⁴¹ Marta Mata, cunha formación pedagóxica e autodidacta intervéñ na fundación da escola Talitha pero non exerce como mestra senón que vai ser a bibliotecaria ademais de encamiñar as súas accións e preocupacións coa formación do profesorado.

⁴² Movemento cristián e ecuménico que actuaba baixo o amparo de Amigos da UNESCO e que se encargou da organización das convivencias en 1964.

⁴³ Agrupación de mestres das comarcas de Lleida que tamén participou na organización das convivencias.

4. As Sesións de Pedagogía iniciadas a finais do curso escolar 1962-63 nas que se reunían un grupo de mestres das escolas privadas con máis vocación pública⁴⁴. Estas sesións tiñan a súa orixe na necesidade sentida por parte dos mestres reunidos de completar a súa tarefa diaria na escola cunha reflexión colectiva e entre iguais sobre a mesma. As reunións leváronse a cabo nas escolas Costa i Llobera, Talitha e, a partir de outubro de 1964, en Thau e nelas abordábanse temas como a educación cívica, a pedagogía experimental, a delimitación das materias na escola primaria, a metodoloxía da aritmética... A mediados de 1966 rematou a experiencia xa que, unha vez constituída Rosa Sensat, a maioría dos participantes incorporouse a esta disolvéndose nos diferentes grupo de traballo da mesma.
5. Centre d'Informació Catòlica Femenina (CICF) que na súa Escola de Jardineres d'Infància concedía gran importancia ós métodos Montessori e Decroly establecendo tamén unha ponte coa tradición pedagóxica anterior á Guerra. Este Centre tamén previa a creación do Centre d'Estudis Pedagògics dirixido a profesionais do ensino, cunha escola de preparación libre do maxisterio que tería como finalidade unha formación íntegra do novo profesorado. Así, os alumnos completarian os seus estudos das materias do plan do Estado para a obtención do título de mestre cunha formación humanística de acordo cos principios da pedagogía moderna. As materias complementarias serían: expresión oral e escrita, socioloxía xeral e escolar, orientación profesional, medicina e primeiros auxilios, psicoloxía da educación, historia da pedagogía, etc. O proxecto tivo tan só unha duración de dous anos (1962-64), debido a imposibilidade de preparar naqueles momentos ós alumnos para a obtención do título oficial. Sen embargo, non pode dicirse que fose un esforzo inútil, dado que serviu para o posible campo de traballo que un ano máis tarde emprendería a Escola de Mestres Rosa Sensat.

Fóra da escola, pero moi vinculada a ela, tamén se foi abrindo camiño á renovación pedagóxica no mundo editorial. Así, apareceu a Editorial Nova Terra que, co asesoramento pedagóxico de M^a Teresa Codina e Marta Mata, creou o Premio de Pedagogía Antoni Balmanya, adicou unha primeira colección –Nadal– á publicación de textos traducidos de obras de gran incidencia na escola e dedicou algunha liña de edición á escola activa de país. En 1963 tamén se comezou a publicar en catalán a revista infantil *Cavall Fort* coa colaboración de moitos mestres, pais e nais de escolas coñecidas como renovadoras. Pola súa parte, Edicions La Galera vai ser a primeira editorial, despois da Guerra, que se dedique a produción de libros infantís e xuvenís de autores e debuxantes propios e con enfoques educativos situados na mesma órbita. Ó respecto, hai que sinalar que La Galera, a comezos dos anos setenta, nutriría á editorial galega Galaxia de libros infantís para ser tamén editados en galego. Outro exemplo foi a Editorial Teide que vai traballar en catalán na mesma liña da renovación pedagóxica dos textos escolares que seguía en castelán.⁴⁵

⁴⁴ Pere Darder, M^a Teresa Codina, M^a Antonia Canals, Ana M^a Roig, Jordi Cots, Joaquim Farré, Carme Minguella, Montserrat Oliver, Josep M^a Rovira, Llorenç Torrado e M^a Asumpció Vingès.

⁴⁵ M. Mata; *Op. cit.*, pp. 58-59.

En setembro de 1965 nace a Escola de Mestres Rosa Sensat⁴⁶ coa finalidade de mellorar a formación dos mestres xa titulados⁴⁷. Na súa fundación interveñen dous factores fundamentais: a confluencia na institución dalgúns dos mestres participantes nas iniciativas anteriormente comentada e o apoio económico por parte do banqueiro Jordi Pujol⁴⁸. Os mestres fundadores son: M^a Antonia Canals, licenciada en ciencias exactas e fundadora da escola Ton i Guida; M^a Teresa Codina, licenciada en filoloxía clásica e mestra en Talitha; Jordi Cots, licenciado en dereito e mestre de Thau; Pere Darder, licenciado en filosofía e letras e mestre de Costa i Llobera; Enric Lluch, licenciado e profesor universitario de xeografía que traballara en Costa i Llobera; Anna M^a Roig, mestra en Talitha; e Marta Mata. Todos eles forman a comisión directiva.⁴⁹

En canto ó aspecto económico, dicir que serían os pais dos alumnos das escolas mencionadas e outros profesionais reunidos na “Fiduciaria Barcino” os que ían dar soporte á nova institución. Sen embargo, a Fiduciaria non saíu adiante e foi o grupo representado por Jordi Pujol quen se comprometeu a cubrir os déficits. Este apoio sempre foi inferior ó 50%, xa que a maioría do presuposto viña dado polas cotas dos profesores e alumnos e polos traballos internos. Será en 1969 cando Rosa Sensat se independice economicamente baixo o amparo da “Fundació Artur Martorell” que lle proporcionarí, ademais, unha plataforma legal para a organización de actividades.⁵⁰

A primeira actividade que se puxo en marcha foron os chamados “Curs de tarda”. Este curso reunía tódalas tardes durante o ano escolar a un grupo de mestres que polas mañás traballaban nas escolas e polas tardes, durante tres horas, completaban a formación recibida na Escola Normal⁵¹. Os cursos duraron ata o ano académico 1970-71 e por eles pasaron 123 mestres. As actividades levadas a cabo durante os mesmos eran moi variadas. Así, había unhas materias de carácter continuado -como a revisión da práctica escolar matinal, a historia da escola, a lingua catalana, a música e a matemática- e outras de carácter puntual como os cursos quincenais de didáctica das diversas materias, conferencias semanais sobre temas de interese xeral, asistencia a espectáculos teatrais, musicais..., cun foro de discusión posterior e excursións trimestrais⁵².

Xa dende os primeiros momentos da súa creación, Rosa Sensat propúxose reemprender a Escola d’Estiu de Barcelona e foi así como en xullo de 1966 se convoca por primeira vez, despois dun longo silencio de 31 anos. Foron 140 mestres os que durante dúas semanas se reuniron para seguir cursos de diversa temática. Dende entón foron miles os mestres que pasaron por ela chegando o seu punto máis álxido nos anos 1976 e 77 con

⁴⁶ A Escola bautízase con este nome en recordo da pedagoga Rosa Sensat, figura destacada do movemento pedagóxico de anteguerra e represaliada polo franquismo.

⁴⁷ M. Mata; *Op. cit.*, p. 67.

⁴⁸ *Cataluña. L’Associació...*, cit., pp.72-73.

⁴⁹ M. Mata; *Op. cit.*, p. 68.

⁵⁰ *Ibidem.*, p. 69 e *Cuadernos de Pedagogía: Conversando con...*, cit.

⁵¹ O primeiro foi impartido por Angeleta Ferrer, filla de Rosa Sensat, e tivo como tema a didáctica das ciencias naturais (*Cataluña. L’Associació...*, cit., p. 73.).

⁵² M. Mata; “Rosa Sensat i la formació permanent dels mestres” en *VV.AA.: 32 anys de formació permanent*. Associació de Mestres Rosa Sensat, Barcelona, 1998, pp. 16-17.

5241 e 7864 participantes respectivamente⁵³ entre os que se encontraban, ben é certo, un número apreciable de profesores doutras Comunidades españolas; entre os galegos estivo o profesor Antón Costa, cun grupo de 15 estudantes de pedagogía da Universidade de Santiago de Compostela. Nesa altura (1975 e 76), a Escola d'Estiu tamén alcanza a máxima importancia por ser un dos foros onde se discute o documento alternativo ó sistema educativo imperante, do que xa falamos en páxinas previas.

A Escola d'Estiu organiza as súas actividades en cursos de nivel sobre pedagogía xeral e didácticas concretas; cursos monográficos de temas culturais; o tema xeral traballado en todos os cursos onde se discute sobre aspectos pedagóxicos e políticos da relación entre escola e sociedade; e as actividades lúdicas⁵⁴. O modelo de formación permanente que a Escola promove ten as seguintes características⁵⁵:

- A voluntariedade dos mestres participantes que dedican uns días do período vacacional a súa formación.
- intercambio de experiencias entre mestres procedentes dunha realidade escolar moi diversa.
- A territorialización da educación a través do traballo en grupos territoriais e a promoción e colaboración con outras escolas de verán locais creadas posteriormente.⁵⁶
- A relación entre mestres de todos os niveis educativos, incluído o universitario.
- A abertura a novas correntes de renovación pedagóxica.
- A discusión sobre as relacións entre escola e sociedade.
- A conformación dun ambiente e unha dinámica positiva respecto ó traballo do mestre no colectivo profesional e na sociedade.
- A procura de colaboración coa administración educativa.

A relevancia da Escola d'Estiu de Rosa Sensat queda explicada do seguinte xeito:

“Por unha parte, a labor docente-discente a partir dos cursos que ofrecen cada ano unha gama máis completa de materias e niveis, como base dunha renovación pedagóxica dos mestres. Por outra, a creación dun ambiente que facilita os contactos e os traspasos de experiencias e de situacións do que as Escolas d'Estiu foron unha caixa de resonancias. Este momento traspasou o ámbito local de Barcelona, para acoller primeiro xente procedente do ámbito da lingua catalana, e máis tarde do resto do Estado (...)

⁵³ *Cataluña. L'Associació...*, cit., pp. 74-75. Un estudio exhaustivo da Escola d'Estiu de Barcelona así como das demais actividades formativas levadas a cabo pola Escola de Mestres Rosa Sensat pode consultarse en VV.AA; *32 anys...*, cit.

⁵⁴ M. Mata; *Rosa Sensat i la formació...*, cit., p. 19.

⁵⁵ *Ibidem*.

⁵⁶ A partir de 1969 configúranse diferentes escolas de verán de ámbito comarcal organizadas por grupos de mestres que se coñeceran na Escola d'Estiu de Barcelona ou en Rosa Sensat. Todos estes grupos conformaron en 1983 a Federación de Movements de Renovación Pedagóxica de Cataluña. (Mata, M.: *Un període...*, cit., p. 69).

Hai, en Cataluña, pouco profesores universitarios, artistas, literatos e incluso políticos de tódalas cores, que non pasaran polas Escoles d'Estiu. Neste senso, hai que facer fincapé no gran número de personalidades do resto de España e do estranxeiro que deron cursos, ou conferencias (...)⁵⁷

No curso 1966-67 comezaron os chamados "*curs de nit*" que tamén tiñan lugar durante todo o ano escolar pero estaban destinados a aqueles mestres que, polo seu horario de traballo, non podían asistir ós cursos de tarde. Esta modalidade rematou no curso 1969-70. O pouco tempo e a falta de medios dos mestres evidenciaba a necesidade dun tipo de cursos máis breves e concretos. Nacen entón os cursiños de Rosa Sensat, modalidade que se mantén vixente ata a actualidade e que se caracteriza pola diversidade na temática e na duración.⁵⁸

En 1967 aparece, no seo da Escola, a *Coordinació Escolar*, unha agrupación de unhas 30 escolas -que chegaron a sobrepasar as 50 ó remate da década- co fin de sistematizar as tarefas a realizar. Tratábase dunha oferta non limitada a unhas escolas determinadas, senón a todas aquelas que quixeran colaborar na renovación da educación dende a súa tarefa cotián a partir das tendencias que se propoñían no documento "Principis de coordinació escolar"⁵⁹. Os puntos recollidos neste documento son os que inspirarían neses anos o traballo das devanditas escolas. Os núcleos de colaboración conformados trataban maioritariamente temas pedagóxicos e abordaban tamén os de organización e economía da escola. Precisamente en canto a ó aspecto económico constituíuse a cooperativa de material escolar Abacus⁶⁰, recordando a experiencia francesa da Cooperativa de Ensino Laico, ligada á Pedagogía Freinet.

Outras formas de formación permanente do profesorado fomentadas pola Escola de Mestres, ademais dos cursos, conferencias, viaxes pedagóxicos e visitas, foron os grupos de traballo e os seminarios. Os grupos de traballo están conformados por un determinado número de mestres que se reúnen con regularidade para elaborar as liñas mestras da formación en cada unha das materias e niveis de docencia ós que vai dirixido o grupo. Isto faise a través dos coñecementos, experiencia, documentación e materiais que aporta cada membro e non hai, polo tanto, un director ou orientador do proxecto, senón que se trata dun traballo entre iguais. Isto non exime de que poida aparecer a figura dunha secretaria-coordinadora que structure o material que o grupo vai xerando para facer máis fácil o traballo común. Os seminarios poden constituírse directamente como tales ou ben ser o resultado dos grupos de traballo cando estes creen necesaria a intervención dun especialista que os oriente e axude. É pois a presenza do especialista o que os diferencia.⁶¹

En pouco tempo, a iniciativa, que comezou na clandestinidade, presentaba xa unha estrutura de traballo completa de etapas e materias de educación con contidos e méto-

⁵⁷ Cataluña. *L'Associació...*, cit., pp. 74-75.

⁵⁸ *Ibidem.*, pp. 73-74.

⁵⁹ P. Darder; "Orientacions educatives. Plantejaments Generals" en VV.AA.. *La renovació pedagògica a Catalunya...*, cit., p. 84.

⁶⁰ M. Mata; *Un període ...*, cit., p. 71.

⁶¹ J. Sucarrats i Font; "Activitats de formació permanent a Rosa Sensat" en VV.AA.. *32 anys...*, cit., pp. 30-32.

dos abertos á renovación da que Rosa Sensat é recoñecida como impulsora tanto a nivel cidadán como de institucións públicas e profesionais. É así como se establecen unha serie de contactos a nivel de todo o Estado das que xorden diversas iniciativas renovadoras e de formación do profesorado.⁶²

A promulgación da LXE conleva certa reformulación na forma de traballo de Rosa Sensat. Como xa dixemos, desaparecen os cursos de tarde e os de noite e aumentan os cursos dedicados ás didácticas concretas. Ademais, moitos mestres, cualificados como renovadores van ter a posibilidade de entrar a traballar no sistema público debido á creación de novas escolas e o sistema de acceso directo a partir das boas cualificacións. Pola súa parte, as escolas integradas en Coordinació Escolar van traballar na súa adaptación ós requisitos da nova lei como escolas subvencionadas pero sen perder o seu obxectivo de servizo público.⁶³

A década dos anos setenta, en coincidencia con tantos elementos de transformación política, social e cultural acontecidos en Cataluña, serían anos de extraordinaria expansión e influencia, non só sobre Cataluña, de todo o que se facía a través de Rosa Sensat, extendido ademais mediante a publicación de libros e materiais pedagóxicos a miúdo en conexión con varias editoriais e por medio da revista *Perspectiva Escolar*, que se pon en marcha en 1974. Tamén a finais da década foi momento dunha forte crise, arredor do senso que a Asociación debería ter nun novo marco socio-político e cultural.

En 1980 a Escola de Mestres Rosa Sensat, no seu continuo intento de dar respostas as demandas de cada momento, reorganizase internamente en forma de Asociación de Mestres co que se intenta dar cabida a todos os asociados na toma de decisións. O obxectivo segue sendo a constante renovación pedagóxica da escola en Cataluña a través do traballo en colaboración dos seus profesionais. A xestión queda a cargo de dous órganos: a Asemblea Xeral e a Xunta Rectora. A primeira está formada por todos os socios e ó fronte o presidente da Asociación. Ten como misión a delimitación das liñas xerais a seguir, a aprobación do plan de traballo anual e o presuposto e a elección dos membros renovables do núcleo cando sexa necesario. A Xunta Rectora está formada polo presidente, o secretario, o tesoureiro, os vocais elixidos pola Asemblea e os responsables dos servizos técnicos da Asociación (revistas, publicacións, arquivo, biblioteca...). Terá como misión levar a cabo o plan de traballo anual.⁶⁴

As fontes de financiamento son tres: as cotas anuais fixadas pola Asemblea e os bens e dereitos que corresponden en propiedade á Asociación; as subvencións, axudas e doacións tanto públicas como privadas; e os ingresos que se obteñen da organización de actividades, publicacións, cursos, conferencias, etc.⁶⁵

⁶² M. Mata; *Un período...*, cit., p. 68 e *Cataluña. L'Associació...*, cit., p. 76.

⁶³ *Ibidem.*, pp. 77-78.

⁶⁴ *Cataluña. L. Associació...*, cit., p. 78 e *Cuadernos de Pedagogía*: "Asociación de maestros «Rosa Sensat»" en *Cuadernos de Pedagogía: CD-ROM...*, cit., (nº 71, novembro 1980).

⁶⁵ *Cataluña. L. Associació...*, cit., p. 79.

A Asociación, ademais dos cursos, seminarios e grupos de traballo, ofrece diferentes servizos xa dende os seus comezos como Escola de Mestres⁶⁶:

1.- Asesoramento. Creouse un departamento específico que atende ós profesionais e membros da comunidade educativa nas necesidades máis inmediatas entre elas as de carácter pedagóxico, organizativo, legal, de actividades extraescolares, a orientación de pais, etc.

2.- Servizo de biblioteca e documentación. Os participantes nas actividades de Rosa Sensat poden contar cun soporte bibliográfico e documental que se actualiza continuamente. Conta co fondo histórico da renovación pedagóxica máis completo de Cataluña que se nutre das donacións de bibliotecas e arquivos de pedagogos significativos como Angeleta Ferrer e Artur Martorell. Está atendida por persoal altamente cualificado que ofrece servizos de orientación puntual ós lectores e tamén confecciona bibliografías específicas que se lle demandan.

3.- Publicacións. Pódese distinguir entre aquelas obras publicadas pola propia Asociación e aquelas outras publicadas por diferentes editoriais, algunhas en réxime de coedición. Entre as máis destacadas:

- A serie “Dossiers” inicialmente con orixinais xurdidos dos grupos de traballo e despois recollendo o resultado da tarefa na clase dos participantes nos mesmos. Son obras de carácter práctico, pensadas como instrumentos específicos para a práctica e a innovación pedagóxica en todas as áreas, niveis e sectores educativos.
- A colección “Temas de Infancia” que se compón de obras monográficas que abordan a educación dos o ós 6 anos.
- Coleccións de textos escolares deseñados dentro dalgúns seminarios e grupos de traballo.
- Premio de Pedagogía Rosa Sensat convocado conxuntamente pola Asociación, o Ministerio de Educación, a Consellería d’Ensenyament da Generalitat e Edicions 62. Este premio promove aquelas obras que, partindo da análise dunha experiencia educativa nunha determinada área e nivel, comporta unha mellora práctica susceptible de xeneralizarse. As obras premiadas publícanse a nivel de todo o Estado.
- As revistas pedagóxicas: *Perspectiva Escolar* que se publica dende 1974 en catalán con temas educativos en xeral; e *In-fàn-cia* publicada dende 1983 tamén en catalán e dedicada á educación infantil. Dende 1990 a revista *In-fàn-cia* tamén se publica en castelán.
- Vídeos. Coa colaboración do Ministerio de Educación e da Consellería d’Ensenyament da Generalitat, a Asociación publica unha serie de vídeos, tanto en catalán como en castelán, que están pensados como material de soporte á formación permanente dos educadores e mestres.

⁶⁶ M. Mata; *Rosa Sensat i la formació...*, cit., pp. 21-22 e J. Sucarrats i Font; *Activitats de formació...*, cit., pp. 42-48.

En conxunto, pode dicirse que o traballo desenvolvido por Rosa Sensat ó longo dos anos ten como premisa fundamental o servizo para a formación permanente do profesorado, pero unha formación cunhas características particulares⁶⁷:

- Necesaria e voluntaria. A formación dos nenos para a súa inserción nunha sociedade cambiante esixe unha constante adaptación da escola e do mestres na súa tarefa.
- Organizada polo propios mestres que son que mellor coñecen as súas necesidades e en colaboración entre eles.
- Baseada na experimentación e na práctica pero superándoa coa reflexión persoal e colectiva.
- Sentida, formulada e explicada dende os propios recordos do traballo na aula.
- Con arranxo á realidade do país e na perspectiva global, polo tanto, tendo en conta a realidade histórica e social local pero dentro do panorama mundial.
- Exercitando a responsabilidade profesional e social do mestre que debe ser o protagonista da súa formación e debe implicarse na democratización da sociedade.
- Mantendo a autonomía profesional pero en diálogo como administración educativa.

Xunto coa Escola de Mestres Rosa Sensat, outra das precursoras dos movementos de renovación pedagóxica foi a *Asociación para a Correspondencia e a Imprenta Escolar* (ACIES) constituída legalmente en 1974 pero que tivo a súa orixe nos Encontros Peninsulares de Técnicas Freinet celebrados anualmente dende 1969. Dos inicios da Pedagogía Freinet en España durante o franquismo e a súa posterior evolución xa temos dado conta noutra ocasión⁶⁸

⁶⁷ M. Mata; *Rosa Sensat i la formació...*, cit., pp. 24-25.

⁶⁸ A.M. Sampedro Garrido; "A Pedagogía Freinet en España. A segunda época: do franquismo á actualidade" en Dapía Conde, M. D.; Cid Fernández, X.M. (coords.); *25 anos de Freinet en Galicia. Da escola rural á educación social*